

PILAR LÓPEZ, RESPALDADA POR SANTÍN, TRASLADA AOS VECIÑOS O SEU COMPROMISO DE RECUPERAR A FEIRA DE ANO DE SARRIA, ELIMINADA POLO GOBERNO DO PP

Con este compromiso a alcaldable, tal e como subliñou o secretario Provincial, “demostra que dende o PSOE nos preocupamos polos sectores nos que se sustenta a economía e, sen dúbida, en Sarria, o gandeiro é un deles”

E é que, coa decisión do Partido Popular, este municipio perdeu unha importante cita, que era un referente para o sector a nivel comarcal e incluso provincial

Dentro do apoio ao rural, os socialistas tamén apostan por impulsar plans de traballo nas distintas parroquias e por reforzar a figura do pedáneo e das asociacións de veciños como intermediarios entre os cidadáns e o Concello

Sarria, 20 de maio de 2015.- A candidata á alcaldía de Sarria –Pilar López Yáñez-, acompañada doutros membros da candidatura e do secretario Provincial –Juan Carlos González Santín-, trasladou este mércores aos veciños da localidade o seu compromiso de recuperar a *Feira de Ano*, “xa que era un referente da comarca e unha maneira de potenciar e de axudar aos gandeiros”.

Deste xeito, a socialista pretende recuperar unha importante cita, “que o Partido Popular se encargou de eliminar, a pesares de ser un expositor extraordinario para o sector e para favorecer a comercialización do gando”. Con este compromiso a alcaldable, tal e como subliñou González Santín, “demostra que dende o PSOE nos preocupamos polos principais piares nos que se sustenta a economía e, sen dúbida, en Sarria, o gandeiro é un deles”, remarcou.

Unha mostra “clave” para a vila

E é que, coa decisión adoptada polo Goberno local, este municipio perdeu unha mostra que era “clave” para a vila, pois se por algo se caracterizou esta localidade é por ter un dos mercados gandeiros máis antigos da provincia. Proba delo, é que xa, no século XV, se celebraba neste lugar a coñecida *feira franca*, e que era o antecedente da feira anual de San Isidro, eliminada polo actual alcalde do Partido Popular.

A cita gandeira celébrase nas primeiras meses de maio, e xurdiu coa intención de recuperar o espírito das feiras de antes. Tal é así que nela participaban reses gandeiras de toda a comarca e incluso chegou a ter un dos concursos de gando máis prestixiosos da provincia, ademais dunha importante exhibición de cabalos de andadura.

“Todo o que tocan os dirixentes do PP supón un retroceso. No canto de apoiar, apuntalar e reforzar o agro, deciden unilateralmente suprimir un dos mercados máis importantes da provincia. Con esta aposta que facemos os socialistas, a feira de Sarria recuperará o prestixio que perdeu co desgoverno do PP”, concluíu Santín.

Outros compromisos co rural

Neste senso, durante o percorrido que fixeron os socialistas esta mañá ao mercado de gando sarriano, tamén explicaron aos asistentes que, dentro do seu programa de gobernabilidade para impulsar o rural, tamén apostarán por plans de traballo nas parroquias para garantir a limpeza equitativa das beiras das estradas e pistas, así como pola potenciación da figura do pedáneo e das asociacións de veciños como intermediarios entre os cidadáns e o Concello.

